CA2.7 Adoptáronse as medidas de seguridade laboral na limpeza, no funcionamento e no mantemento básico dos equipamentos.
CA2.7.5 Adoptáronse as medidas de seguridade laboral na limpeza, no funcionamento e no mantemento básico dos equipamentos durante os procedementos prácticos de identificación bacteriana.
CA2.8 Valorouse a necesidade dun traballo ordenado e metódico na preparación dos equipamentos.
CA2.8.4 Valorouse a necesidade dun traballo ordenado e metódico na preparación dos equipamentos para proceder á identificación bacteriana.
CA2.9 Empregáronse adecuadamente os equipamentos do laboratorio.
CA2.9.7 Empregáronse os sistemas multiproba, medios de cultivo selectivos e o resto de material fusible asociado á identificación bacteriana.
CA3.7 Aplicáronse probas de identificación e caracterización bacteriana.
CA3.7.1 Caracterízanse os diferentes tipos de probas de identificación e caracterización bacteriana e as súas particularidades.
CA3.7.2 Aplicáronse probas de identificación e caracterización bacteriana.
CA3.8 Aplicáronselles aos ensaios procedementos normalizados de traballo.
CA3.8.5 Aplicáronse aos ensaios de identificación bacteriana procedementos normalizados de traballo, e redactáronse estes.
CA3.9 Relacionáronse as bacterias patóxenas co tipo de toxina e as doenzas que podan producir.
CA3.9.1 Relaciónase en casos supostos a presenza de certas bacterias patóxenas co tipo de toxina e doenzas que causa
CA3.9.2 Relacionáronse en casos reais as bacterias patóxenas co tipo de toxina e as doenzas que poden producir.
CA3.10 Utilizáronse as bacterias como marcadores de calidade sanitaria.
0 CA3.10.1 Identifícase e xustifícase que bacterias se empregan como marcadores de calidade sanitaria.



Criterios de avaliación
0 CA3.10.2 Empregáronse as bacterias como marcadores de calidade sanitaria.
CA4.2 Utilizáronse bases de datos informatizadas para a identificación bacteriana.
CA4.6 Considerouse a importancia dos resultados obtidos e a súa posible repercusión.
CA4.6.4 Considerouse a importancia dos resultados obtidos nos procedementos analíticos de identificación bacteriana levados a cabo e a súa posible repercusión.
CA4.8 Reflectíronse os resultados nun informe técnico no xeito establecido no laboratorio.
CA4.8.4 Reflectíronse os resultados dos procesos analíticos de identificación bacteriana levados a cabo no laboratorio nun informe técnico.
CA4.10 Considerouse a importancia de asegurar a trazabilidade en todo o proceso.
0 CA4.10.5 Considerouse a importancia de asegurar a trazabilidade en todo o proceso analítico de identificación bacteriana.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Métodos de identificación de mostras microbiolóxicas.
Ensaio mediante técnicas microbiolóxicas rápidas.
Determinación da sensibilidade dun microorganismo a axentes antimicrobianos: antibiograma.
Probas de identificación bacteriana.
Microorganismos marcadores (indicadores e índices).
Bases de datos informatizadas para a identificación de microorganismos.



#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Microbioloxía aplicada	30

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara mostras e medios de cultivo, e relaciónaos coa técnica de análise microbiolóxica.	NO
RA2 - Prepara os equipamentos, e identifica os seus compoñentes e o seu funcionamento.	NO
RA3 - Efectúa ensaios microbiolóxicos aplicando as técnicas analíticas correspondentes.	NO
RA4 - Avalía os resultados en comparación cos estándares.	NO

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse as condicións de asepsia e esterilización para seguir no proceso de análise.
CA1.3.7 Aplicáronse as condicións de asepsia e esterilización durante todo o proceso de análise de mostras específicas.
CA1.3.7.1 Aplicáronse as condicións de asepsia e esterilización durante todo o proceso de análise de mostras de produtos alimenticios.
CA1.3.7.2 Aplicáronse as condicións de asepsia e esterilización durante todo o proceso de análise de mostras ambientais e de superficies.
CA1.3.7.3 Aplicáronse as condicións de asepsia e esterilización durante todo o proceso de análise de mostras de augas.
CA2.7 Adoptáronse as medidas de seguridade laboral na limpeza, no funcionamento e no mantemento básico dos equipamentos.
CA2.7.6 Adoptáronse as medidas de seguridade laboral na limpeza, no funcionamento e no mantemento básico dos equipamentos durante os procedementos prácticos de análise de mostras específicas.
CA2.7.6.1 Adoptáronse as medidas de seguridade laboral na limpeza, no funcionamento e no mantemento básico dos equipamentos durante os procedementos prácticos de análise de mostras ambientais e de superficies.
CA2.7.6.2 Adoptáronse as medidas de seguridade laboral na limpeza, no funcionamento e no mantemento básico dos equipamentos durante os procedementos prácticos de análise de mostras de produtos alimenticios.
CA2.7.6.3 Adoptáronse as medidas de seguridade laboral na limpeza, no funcionamento e no mantemento básico dos equipamentos durante os procedementos prácticos de análise de mostras de augas.
CA2.8 Valorouse a necesidade dun traballo ordenado e metódico na preparación dos equipamentos.
CA2.8.5 Valorouse a necesidade dun traballo ordenado e metódico na preparación dos equipamentos para proceder á análise de mostras específicas.
CA2.8.5.1 Valorouse a necesidade dun traballo ordenado e metódico na preparación dos equipamentos para proceder á análise de mostras ambientais e de superficies.
CA2.8.5.2 Valorouse a necesidade dun traballo ordenado e metódico na preparación dos equipamentos para proceder á análise de mostras de produtos alimenticios.
CA2.8.5.3 Valorouse a necesidade dun traballo ordenado e metódico na preparación dos equipamentos para proceder á análise de mostras de augas.
CA2.9 Empregáronse adecuadamente os equipamentos do laboratorio.
CA2.9.5 Empregáronse o SAS ou o Spin Air.
CA2.9.8 Empregouse o Stomacher.



Criterios de avaliación
CA3.8 Aplicáronselles aos ensaios procedementos normalizados de traballo.
CA3.8.6 Aplicáronse aos ensaios de análise de mostras específicas procedementos normalizados de traballo, e redactáronse estes.
CA3.8.6.1 Aplicáronse aos ensaios de análise de mostras ambientais e de superficies procedementos normalizados de traballo, e redactáronse estes.
CA3.8.6.2 Aplicáronse aos ensaios de análise de mostras de produtos alimenticios procedementos normalizados de traballo, e redactáronse estes.
CA3.8.6.3 Aplicáronse aos ensaios de análise de mostras de augas procedementos normalizados de traballo, e redactáronse estes.
CA4.6 Considerouse a importancia dos resultados obtidos e a súa posible repercusión.
CA4.6.5 Considerouse a importancia dos resultados obtidos nos procedementos analíticos de análise de mostras específicas levados a cabo e a súa posible repercusión.
CA4.6.5.1 Considerouse a importancia dos resultados obtidos nos procedementos analíticos de análise de mostras ambientais e de superficies levados a cabo e a súa posible repercusión.
CA4.6.5.2 Considerouse a importancia dos resultados obtidos nos procedementos analíticos de análise de mostras de produtos alimenticios levados a cabo e a súa posible repercusión.
CA4.6.5.3 Considerouse a importancia dos resultados obtidos nos procedementos analíticos de análise de mostras de augas levados a cabo e a súa posible repercusión.
CA4.7 Consultouse a normativa aplicable e determinouse se a substancia analizada cumpre a normativa e os criterios microbiolóxicos de referencia.
CA4.7.1 Consultouse a normativa e determinouse se a substancia analizada cumpre a normativa e os criterios microbiolóxicos de referencia en casos supostos.
CA4.7.1.1 Consultouse a normativa e determinouse se a substancia analizada cumpre a normativa e os criterios microbiolóxicos de referencia en casos supostos relativos a mostras ambientais e de superficies.
CA4.7.1.2 Consultouse a normativa e determinouse se a substancia analizada cumpre a normativa e os criterios microbiolóxicos de referencia en casos supostos. relativa a mostras de produtos alimenticios
CA4.7.1.3 Consultouse a normativa e determinouse se a substancia analizada cumpre a normativa e os criterios microbiolóxicos de referencia en casos supostos. relativa a mostras de augas.
CA4.7.2 Consultouse a normativa e determinouse se a substancia analizada cumpre a normativa e os criterios microbiolóxicos de referencia en casos reais.
CA4.7.2.1 Consultouse a normativa e determinouse se a substancia analizada cumpre a normativa e os criterios microbiolóxicos de referencia en casos reais relativos a mostras ambientais e de superficies.
CA4.7.2.2 Consultouse a normativa e determinouse se a substancia analizada cumpre a normativa e os criterios microbiolóxicos de referencia en casos reais relativos a mostras de produtos alimenticios.
CA4.7.2.3 Consultouse a normativa e determinouse se a substancia analizada cumpre a normativa e os criterios microbiolóxicos de referencia en casos reais relativos a mostras de augas.
CA4.8 Reflectíronse os resultados nun informe técnico no xeito establecido no laboratorio.
CA4.8.5 Reflectíronse os resultados dos procesos analíticos de mostras específicas levados a cabo no laboratorio nun informe técnico.
CA4.8.5.1 Reflectíronse os resultados dos procesos analíticos de mostras ambientais e de superficies levados a cabo no laboratorio nun informe técnico.
CA4.8.5.2 Reflectíronse os resultados dos procesos analíticos de mostras de produtos alimenticios levados a cabo no laboratorio nun informe técnico.
CA4.8.5.3 Reflectíronse os resultados dos procesos analíticos de mostras de augas levados a cabo no laboratorio nun informe técnico.
CA4.10 Considerouse a importancia de asegurar a trazabilidade en todo o proceso.
0 CA4.10.6 Considerouse a importancia de asegurar a trazabilidade en todo o proceso analítico de mostras ambientais, de superficies e de produtos alimenticios ou de augas.
0 CA4.10.6.1 Considerouse a importancia de asegurar a trazabilidade en todo o proceso analítico de mostras ambientais e de superficies.



Criterios de avaliación
0 CA4.10.6.2 Considerouse a importancia de asegurar a trazabilidade en todo o proceso analítico de produtos alimenticios.
0 CA4.10.6.3 Considerouse a importancia de asegurar a trazabilidade en todo o proceso analítico de mostras de augas.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
<p>0 Toma de mostras líquidas e sólidas. Mostraxe de superficies.</p> <p>0 Mostraxe de superficies.</p> <p>0 Mostraxe de augas ambientais.</p> <p>0 Mostraxe de augas.</p> <p>0 Mostraxe de produtos alimenticios.</p> <p>Microbioloxía alimentaria. Técnicas para a análise microbiolóxica de alimentos.</p> <p>Microbioloxía de mostras atmosféricas. Técnicas para a análise microbiolóxica do aire e de superficies.</p> <p>Calidade sanitaria de augas. Principais grupos de microorganismos en augas superficiais e residuais. Augas potables. Técnicas para a análise microbiolóxica de augas.</p> <p>Probas microbiolóxicas de contaminación ambiental, biotoxicidade, biodeterioración, biodegradación e biorremediación.</p> <p>Mareas vermellas. Variacións na poboación de dinoflaxelados. Doenzas que produce a súa ingestión.</p>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS ESIXIBLES

Todos os criterios de cualificación son mínimos esixibles xa que están establecidos no currículo que fixa os mínimos a conseguir, a partir de ahí só se poden ampliar. O que se establece na presente programación é o mínimo de cada criterio de avaliación que hai que cumprir para acadar a cualificación de aprobado. Para cada criterio de avaliación establécese para poder superar o módulo formativo, en principio, como nota mínima o 5, obtido coas probas escritas ou táboas de observación que se empregan para avaliar. Porén, se globalmente, entre todos os criterios de avaliación acádase a cualificación de 5, efectuando o redondeo debido, considerarase superada a materia aínda que non se acadase un 5 en todos os criterios de avaliación por separado.

A nota final poderá ser aumentada mediante a realización de traballos voluntarios (plan Proxecta, participación no circuito navideño, etc.), sempre que se acadara a cualificación mínima de 5 unha vez efectuado o redondeo oportuno.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación ríxense estritamente polas porcentaxes establecidas para cada criterio de avaliación e unidade didáctica. Agora ben, a cualificación de cada criterio de avaliación non é resultado dunha nota con exclusividade senón que o módulo réxese pola avaliación continua, obtendo a cualificación de cada CA como a media aritmética de todas as tarefas e probas obxecto de avaliación ao longo do curso académico, a cualificación final de cada CA resulta da media aritmética de diferentes probas aplicadas ao longo do curso.

A normativa vixente establece ademais a obrigabilidade de asistir a clase de xeito regular, perdendo o dereito á avaliación continua unha vez se acaden o 10% de faltas de asistencia, a docente establece que ese 10% refírese a faltas inxustificadas e que a non asistencia por motivos laborais deben ser consideradas, a opinión da presente profesora, responsable do módulo formativo e da súa programación, como xustificadas.

Ao ser un módulo eminentemente práctico esíxese unha determinada actitude nas sesións lectivas, especialmente durante os procedementos prácticos, e tal como establece a normativa, a docente resérvase o dereito a expulsar ao alumnado da aula-laboratorio en caso de que considere que se está a poñer en risco a integridade física do propio alumno/a ou dos seus compañeiros/as. Tampouco se toleran faltas de respecto á propia docente ou ao resto do alumnado, seguindo neste caso o establecido nas NOF do centro de ensino.

Cada proba teórico-práctica poderá contar con:

- Teoría:

-- Preguntas tipo test: unha pregunta con entre 3 e 5 opcións posibles das cales só unha é correcta. Dúas respostas mal contestadas anulan unha ben ou unha errónea resta unha correcta (en función da dificultade das cuestións).

-- Preguntas curtas.

- Práctica:

-- Problemas.

-- Explicación de procedementos prácticos (dalgunha práctica de laboratorio).

Tanto as preguntas curtas teóricas como os problemas e as preguntas de procedementos prácticos avaliaranse de forma que os erros de concepto considerados graves anulan a pregunta, cada erro de concepto leve anula a metade da puntuación do problema.

Non se permite copiar durante as probas, en caso de que algún alumno/a o faga será expulsado inmediatamente da proba e terá directamente unha cualificación de 0.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Non existen os exames de recuperación ao longo do curso, aplícase avaliación continua polo que o alumno/a ten a posibilidade de aprobar o módulo formativo ao longo do curso académico porque continuamente se avalían todos os criterios de avaliación, sempre que se chegara a ese punto na materia.

Porén, para reforzar a súa formación pódense realizar, de forma autónoma polo alumnado, certas actividades de recuperación:

O plan de recuperación implica levar a cabo as actividades e procedementos previstos nas unidades didácticas desta programación, como medio



para acadar os resultados de aprendizaxe do módulo.

Si ao final do curso académico o alumno/a non acada a cualificación de 5 o discente terá a oportunidade de aprobar o módulo formativo cunha proba final teórico-práctica e outra práctica que terá lugar ao final do periodo de recuperación atendendo ás actividades e exercicios propostos aplicando as mesmas porcentaxes establecidas ao longo da presente programación, será imprescindible superala cunha nota de 5. Ademais, será ineludible a entrega da libreta de laboratorio para proceder á súa cualificación.

PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA.- na que o alumno demostre o coñecemento dos contidos conceptuais e que constará de dúas partes

- Teoría:

-- Preguntas tipo test: unha pregunta con entre 3 e 5 opcións posibles das cales só unha é correcta. Dúas respostas mal contestadas anulan unha ben ou unha errónea resta unha correcta (en función da dificultade das cuestións).

-- Preguntas curtas.

- Práctica:

-- Problemas.

-- Explicación de procedemento práctico (dalgunha práctica de laboratorio).

Tanto as preguntas curtas teóricas como os problemas e as preguntas de procedementos prácticos avaliaranse de forma que os erros de concepto considerados graves anulan a pregunta, cada erro de concepto leve anula a metade da puntuación do problema.

PROBA PRÁCTICA.- na que o alumno demostre ter acadado as capacidades terminais mínimas esixidas de acordo cos contidos mínimos. Esta proba poderá durar ata, como máximo, o mesmo número de horas necesarias para que o alumno cause baixa por PD (19 sesións). Exemplo:

- Poñer en funcionamento equipos de laboratorio, sabendo realizar mantemento, conservación e funcionamento dos mesmos.

- A partir da proposta do profesor deberá realizar unha identificación e un recuento bacteriano, tomando e pretratando a mostra adecuadamente cando proceda.

- Saber utilizar correctamente as técnicas explicadas e desenvolvidas polo profesor no laboratorio para a obtención dun resultado satisfactorio.

- Executar correctamente tódalas operacións de análise realizadas durante o curso escolar, preestablecidos na programación.

- Aplicar as normas de seguridade e de calidade aprendidas ao longo do ano académico.

A cualificación final poderase subir por participación en actividades voluntarias.

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA.- na que o alumno demostre o coñecemento dos contidos conceptuais e que constará de dúas partes

- Teoría:

-- Preguntas tipo test: unha pregunta con entre 3 e 5 opcións posibles das cales só unha é correcta. Dúas respostas mal contestadas anulan unha ben ou unha errónea resta unha correcta (en función da dificultade das cuestións).

-- Preguntas curtas.

- Práctica:

-- Problemas.

-- Explicación de procedemento práctico (dalgunha práctica de laboratorio).

Tanto as preguntas curtas teóricas como os problemas e as preguntas de procedementos prácticos avaliaranse de forma que os erros de concepto considerados graves anulan a pregunta, cada erro de concepto leve anula a metade da puntuación do problema.

PROBA PRÁCTICA.- na que o alumno demostre ter acadado as capacidades terminais mínimas esixidas de acordo cos contidos mínimos. Esta proba poderá durar ata, como máximo, o mesmo número de horas necesarias para que o alumno cause baixa por PD (27 sesións). Exemplo:

- Poñer en funcionamento equipos de análise de laboratorio, sabendo realizar mantemento, conservación e funcionamento dos mesmos.

- A partir da proposta do profesor deberá realizar a determinación dun parámetro de calidade dunha mostra.

- Saber utilizar correctamente as técnicas explicadas e desenvolvidas polo profesor no laboratorio para a obtención dun resultado satisfactorio.

- Executar correctamente tódalas operacións de análise realizadas durante o curso escolar, preestablecidos na programación

O cálculo da nota final relizarase de acordo cos criterios de cualificación.



## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase un seguimento mensual de programación da que quedará constancia.

De forma periódica, durante cada trimestre, realizaranse probas escritas teórico-prácticas ou probas prácticas que valoren os coñecementos adquiridos polo alumno.

A avaliación da práctica docente terá en conta dous aspectos:

- O análise persoal e con sentido crítico da marcha do curso, os resultados académicos comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados.

- A opinión do alumnado, a través dunha enquisa a fin de curso, para valorar a opinión do alumnado. Neste cuestionario se solicitará unha valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

O seguimento e a avaliación será realizada polo profesor do Módulo e nas súas conclusións terá en conta a valoración feita polo propio alumnado. Os obxectivos desta avaliación son comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como propoñer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso.

Outros indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Na avaliación inicial que se fai, búscase coñecer o nivel medio de coñecementos de análise microbiolóxica que teñen en xeral.

Para elo, farase unha proba, que consiste en liñas xerais, no coñecemento do material habitual do laboratorio e exercicios de coñecementos de termos de bioloxía e microbioloxía xeral. Consistirá, basicamente, na realización de tests ou preguntas de contestación corta para constatar os coñecementos previos dos alumnos/as, e poder establecer un punto de inicio axeitado a partir do cal avaliar logo a súa progresión ao longo do curso académico.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos/as que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que lles impida conseguir un aproveitamento aceptable das sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte. Así mesmo, reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.

Adaptaranse tamén as actividades de ensino-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.

Darase a oportunidade de realizar actividades extra para compensar as carencias detectadas.

A diversidade do alumnado que conleva o sistema educativo, especialmente na modalidade de formación profesional, obriga a realizar adaptacións máis ou menos significativas, de cara a conseguir o mellor desenvolvemento posible das capacidades, expresadas nos obxectivos xerais.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas, sobre todo nos ámbitos da comprensión, da expresión e da reflexión, coa conseguinte dificultade na asimilación de contidos, é necesario prever nas unidades didácticas actuacións concretas para cando se detecten ditas situacións. Teráse que reforzar as aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas súas necesidades.

Suxerirase ao alumnado que o necesite a realización de traballo complementario para reforzar os contidos tratados na aula e/ou contidos que teñen olvidados ou que non estudaron.





Así mesmo, atenderase a todo/a que o necesite no tempo do recreo, sempre baixo previo aviso por parte do alumnado interesado e sempre que o horario e as responsabilidades do docente o permitan.

Para levar a cabo calquer tipo de reforzo deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:

- Os resultados de aprendizaxe e os contidos.
- Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios.
- Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.
- Variacións na secuencia de contidos (temporalización).

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O traballo diario farase sempre potenciando a educación cívica, a educación para a convivencia, a igualdade entre homes e mulleres, así como o trato respetuoso cara todo o mundo (compañeiros/as e docentes) e cara os talleres/laboratorios e o material de traballo.

Así mesmo, fomentaranse os seguintes aspectos:

Aseguranza da calidade:

- Perfilar o método para diseccionar e acadar a comprensión de todos os factores que poidan influír na fiabilidade dos procesos.
- Poñer de manifesto as posibles fontes de erro.
- Bo funcionamento dos grupos organizados no laboratorio.
- Boa realización da toma de mostra, desenvolvendo un protocolo adecuado.
- Bo funcionamento dos equipos e instrumentos, mediante correcta calibración e mantemento dos mesmos.
- Aseguranza da calidade en medios de cultivo e reactivos (estandarización con patróns,...).
- Os métodos deben estar dispoñibles en forma escrita, é conveniente facer un resumo deles que conterá os puntos clave mediante un diagrama de fluxo acompañado dun breve texto.
- Tratamento estatístico de datos.
- Seguridade e hixiene no posto de traballo
- Uso de bata de laboratorio.
- Uso de lentes para protexer os ollos de posibles salpicaduras.
- Uso de luvas.
- Seguir excurpulosamente as indicacións de seguridade de etiquetas e fichas de seguridade.
- Facer uso das campanas extractoras, sempre que se usen produtos orgánicos, ou concentrados.
- Facer uso das cabinas de fluxo laminar, sempre na medida do posible.

Educación para a saúde e prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo:

- Riscos químicos para a saúde que supón un tratamento incorrecto dos reactivos, e traballo inadecuado por parte de algún.
- Riscos biolóxicos das mostras e cepas traballadas, así como dos residuos xerados.
- Riscos que supón o manexo de reactivos e traballar sen equipos de protección.

Educación ambiental

- Reciclaxe de material de vidro roto.
- Reciclaxe de papel.
- Recoller e tratar axeitadamente os produtos antes da súa eliminación, ou xestión.
- Transformación de compostos nocivos para o medio ambiente noutros menos dañinos.

Novas tecnoloxías, TICs: que están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Está prevista a participación no Plan Proxecta Protexe o teu medio.

Alén diso, prevese a realización de certas visitas a laboratorios e empresas do sector. Concretamente, e sempre en función da dispoñibilidade de alumnado e empresas, preténdese ir a:

- Laboratorio de Medioambiente de Galicia- Sede Pontevedra- Área Microbioloxía.
- Ligal.
- Laboratorio de Microbioloxía do CHUF.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Uso de teléfonos móbiles na aula.

Segundo está establecido nas NOF o uso do teléfono móbil no centro de ensino está prohibido para o alumnado. Porén si pode ser empregado na aula con motivos pedagóxicos e ise é o caso do módulo de Ensaio Microbiolóxicos: permítese a utilización do teléfono móbil ou tableta en período lectivo na aula onde se estea a impartir clase para procurar información, entrar na aula virtual, consultar apuntamentos e/ou grabar vídeos ou facer fotografías previamente autorizadas pola docente (nunca en outro caso). Alén diso, tratándose de alumnado maior de idade que pode ter algunha responsabilidade laboral ou familiar verdadeiramente importante, a docente permite que teñan o móbil aceso, sempre que estea en silencio, e que se precisan, por calquera urxencia, atender ou facer algunha comunicación con el saian do recinto escolar.

### 10.2) Condicións do laboratorio.

Impartirase clase especialmente no laboratorio de Microbioloxía do IES Moncho Valcarce, ao igual que acontece en outros centros de ensino públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, este laboratorio non cumpre cos mínimos de seguridade esixidos pola lexislación vixente. Porén as devanditas instalacións están baixo a xestión da Consellería de Educación e ela é a responsable de poñer a disposición de profesorado e alumnado instalacións adecuadas para as actividades lectivas. Porén, a unidade didáctica nº 2 do módulo de Microbioloxía trata aspectos xerais de todo laboratorio de Microbioloxía e aí analizamos as carencias do noso lugar de traballo, polo que pódese establecer que o alumnado foi informado da situación e os riscos que asumimos diariamente.

Ademais do laboratorio de Microbioloxía, para a preparación de certos reactivos e algunha outra operación empregáranse puntualmente outros laboratorios do mesmo centro de ensino, que tamén teñen as súas carencias en temas de seguridade, das cales tamén se informou aos/ás discentes.